



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO

Itinerario temático e actividades

MITOS, LENDAS E MILAGRES UN PERCORRIDO POLA TRADICIÓN

1º 2º e 3º de Educación Primaria

Proxecto creado por
Marina Pérez Toro e Lucía Hidalgo Portomeñe

PRESENTACIÓN

Aos pés da cidade histórica de Santiago, érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, chamada así por ubicarse no agradable barrio que o río do mesmo nome atravesa.

As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como a primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do arcebispo Xelmírez. As boas relacións coa Catedral, ademais de convertela nun importante referente eclesiástico, quedaron reflexadas na súa estrutura orixinal, onde as influencias románicas da basílica xacobeana son destacables. A igrexa, que no século XVI se converteu en colexiata, sufriu unha serie de remodelacións arquitectónicas que acabaron por conferirlle a mestura estilística que hoxe a caracteriza.

O edificio do antigo priorado tamén sufriu modificacións, converténdose no 1985 en Museo de Arte Sacra da man do párroco Don José Porto Buceta, que nese afán integrador non só evitou que a construción caese no esquecemento, senón que xerou unha perfecta coherencia entre contedor e contido, dotando ás obras dun contexto que facilita a súa interpretación.

As tarefas de adecuación museolóxicas e museográficas necesarias para a súa reapertura despois dun tempo pechado por falta de recursos económicos, foron posibles grazas a un proxecto de xestión cultural que levou a cabo a Fundación Catedral de Santiago, baixo a marca Compostela Sacra.

Na actualidade, o museo está nunha nova etapa de crecemento coa posta en marcha do proxecto MuSar, que ten como principal obxectivo o estudo, a conservación e a difusión do conxunto monumental e o rico patrimonio que atesoura. Xunto coa publicación dunha nova guía e a creación da páxina web, incorporamos este proxecto educativo cunha oferta adaptada aos diferentes niveis, para que os centros poidan coñecer a riqueza de Santa María Real a de Sar dun xeito autónomo e didáctico, agardando poder ampliálo nun futuro con máis recursos e actividades.

MITOS, LENDAS E MILAGRES

Un percorrido pola tradición

OBXECTIVOS

- Fomentar a observación como medio de investigación.
- Invitar á participación pública a través da formulación de preguntas coas que interpretar as pezas dun xeito autónomo.
- Reivindicar o patrimonio inmaterial.
- Valorar a tradición oral e recoñecer a súa transcendencia cultural.
- Coñecer o porqué da iconografía dos personaxes representados nas pezas do museo.
- Descubrir diferentes materiais e técnicas empregadas na creación artística.
- Achegarse á policromía medieval.
- Promover a creatividade e o pensamento crítico.

METODOLOXÍA

Para poder cumprir os obxectivos expostos anteriormente e que o alumnado aproveite ao máximo a súa experiencia, elaboramos este documento co que o profesorado poderá crear un discurso temático de xeito autónomo.

A continuación presentamos as obras seleccionadas para artellar a visita; cada unha conta cunha descrición teórica e un enfoque didáctico co que traballala (preguntas, comparacións, referencias musicais...).

O percorrido foi pensado para realizarse na orde que se presentan as pezas por motivos espaciais, pero queda aberto á libre elección do mestre ou mestra. Así mesmo, as obras propostas poden explicarse na súa totalidade ou ben facer unha escolla dependendo do tempo do que se dispoña para a visita.

Finalmente, propoñemos algunhas actividades a realizar *in situ* ou na aula, servindo de recurso co que complementar o aprendido en Sar. Quedan recollidas as instrucións e os materiais precisos para o seu desenvolvemento.

INTRODUCCIÓN



Os **mitos**, as **lendas** e os **milagres** protagonizan este percorrido polos espazos da Colexiata de Sar, durante o que descubriremos diferentes aspectos relacionados coa **tradición**. As salas do museo, o claustro e o interior da igrexa, acollen unha selección de pezas coas que artellaremos un discurso narrativo que vai máis alá da lóxica, descubriendo os increíbles relatos que as caracterizan e como estes pasaron a formar parte da nosa historia. A lenda da raíña Lupa, os milagres e a romaría de San Blas ou os posibles seres mitolóxicos que habitan no río Sar, son algúns dos temas que abordaremos dun xeito interactivo neste itinerario. Ademais de dialogar coas pezas como se fosemos contacontos, propoñemos unha serie de actividades orais e plásticas coas que enriquecer os seus relatos e crear os nosos propios.

ANTES DA VISITA...

Antes de comezar a visita, sería interesante facerlle ao alumnado unha breve introdución do que vai ver:

- *Que é unha colexiata?*
- *Que pezas terá o seu museo?*
- *O título da visita é "Mitos, lendas e milagres", saberíades definir cada un deles?*
- *Coñeces algún exemplo de mito, lenda ou milagre? Cal?*

Podemos completar esta introdución con imaxes do espazo que van visitar.

SALA I. DIPLOMA DA FUNDACIÓN DO PRIORADO DE SANTA MARÍA DE SAR



A fundación do priorado de Sar débese a **Munio Afonso**, antigo membro do cabildo da Catedral e posterior bispo de Mondoñedo, quen no 1134 se retirou a Santiago para fundar nas súas aforas unha comunidade de cóengos baixo a orde de **Santo Agostiño**.

Mentres estaba na igrexa de Santiago estableceu relación co primeiro arcebispo de Compostela, **Diego de Xelmírez**, quen asinou este **documento fundacional** do mosteiro o día **1 de setembro de 1136** e impulsou as obras de construción tras a morte de Munio Afonso.

Aínda que conservamos o documento orixinal en **pergamino**, este custódíase no Arquivo Histórico Diocesano por motivos de conservación, expoñendo no museo unha copia exacta na que podemos observar os nomes dos confirmantes e a característica firma do arcebispo Xelmírez.

A finalidade principal do priorado era servir de casa de retiro. A comunidade agostiña participou activamente na promoción da **ruta xacobe**a, tanto pola hospitalidade cos peregrinos como pola colaboración na fundación da **Orde de Santiago**, cuxo obxectivo era protexelos durante a peregrinación e expulsar aos musulmáns da Península Ibérica.

LENDA FUNDACIONAL

Esa non é a única conexión do monumento co **Camión de Santiago**, xa que unha antiga tradición popular dos veciños de Sar vincula a fundación da igrexa ca **raíña Lupa**, presente na lenda xacobe. Conta a lenda, que tras a morte do Apóstolo por mandato de Herodes, os seus discípulos **Teodoro e Atanasio** trasladaron o seu corpo dende o porto de Jaffa (actual Palestina) nunha **barca de pedra** (segundo outra coñecida lenda) ata Iria Flavia (actual Padrón). Naquel momento, ese territorio estaba gobernado pola raíña Lupa, que tiña o seu pazo en Sar, xusto onde nos atopamos agora.

Os discípulos viaxaron ata aquí para solicitarlle un lugar de enterramento para Santiago, pero como Lupa era **pagá**, desconfiou deles e enviounos ás terras doutro rei do norte (actual zona de Fisterra); unha vez alí foron **arrestados polo rei** xa que tamén desconfiou deles.

Milagrosamente conseguiron escapar da cárcel e regresaron á fortaleza da raíña Lupa, desta vez solicitáronlle **animais e un carro** para transportar os restos do Apóstolo. Ante esta petición Lupa mandounos recoller uns **bois** que eran en realidade uns **touros salvaxes**.

Os discípulos, de novos **milagrosamente**, conseguiron volvelos **dóciles**. A raíña asombrada ante tantos **milagres**, solicitou bautizarse para converterse ao **cristianismo** e ofreceulles aos discípulos un sepulcro para enterrar ao Santo no **Bosque Libredón**. Ademais, converteu o seu pazo neste **mosteiro** do que foi a primeira abadesa.

Esta fermosa tradición xacobeá foi recollida aínda en 1920 por Celestino Sánchez Rivera quen cita esta copla do **Romanceiro popular de Sar**:

*Cerca, en valle apacible
por el río Sar bañados
tiene la matrona Lupa
sus riquísimos palacios
circundados de jardines
con paredes de alabastro
con puertas de duro bronce
con torres de blanco mármol*

O que interesa desta **historia lexendaria** non é contido en si senón a intención. Na memoria colectiva das xentes de Sar existía, e aínda a comezos do s.XX, a convicción de que a colexiata era un monumento de gran importancia, polo que se lle dá unha **orixe mítica**, pero non independente senón ligada a unha tradición prestixiosa como era a **xacobeá**.

NA VISITA...

Unha vez realizada a introdución e iniciado o percorrido, presentaremos o **Diploma da Fundación do Priorado**. Comezaremos facendo unha serie de preguntas arredor da peza:

- *Que é o que alberga a vitrina?*
- *Parece un documento antigo ou recente?*
- *De que material está feito?*
- *Coñeces algún outro tipo de soporte no que se escribía antigamente?*
- *Con que se escribiría nel?*
- *Sodes capaces de lelo?*
- *Só contén palabras?*

A continuación explicarase o contido que recolle brevemente narrando a **orixe histórica** do priorado e introducindo a **orixe mítica**.

Para contar a **lenda da raíña Lupa** podemos optar por levala recollida nalgún papel con aparencia antiga para fomentar a atención a través de **recursos materiais**, así como apoiarnos na pintura que se adxunta abaixo para ilustrar o relato. Referencia: **Traslado do corpo de Santiago o Maior ante o pazo da raíña Lupa**, táboa de Martin Bernat pintada cara 1480-1490 e conservada no Museo do Prado (buscar na súa páxina web).

ACTIVIDADE

Unha actividade interesante sería pedir ao alumnado que recrease a lenda da raíña Lupa nunha pintura. Para axudarlle a inspirarse podemos recitar a descrición do seu pazo recollida no Romanceiro Popular de Sar, facendo fincapé no seu enclave e nos materiais que se mencionan: mármore, alabastro, bronce... Este exercicio aconséllase realizalo *a posteriori* na aula debido ao espazo da sala, permitíndolle ao alumnado debuxar máis libremente (ceras, rotuladores, lápices...)



SALA I. TALLA DE SAN ROQUE DE MONTPELLIER



Nesta sala tamén atopamos **tallas de madeira policromadas**. A presenza dos agostiños no Camiño de Santiago e a hospitalidade xa mencionada evócanse con esta imaxe do terceiro terzo do século XVIII de **San Roque de Montpellier**, santo con gran devoción en Galicia, moi vinculada a iconografía xacobeá, de feito aparece representado como **peregrino** acompañado por un can. San Roque viaxou a Roma e percorreu Italia curando a todos os infectados de **peste**; feito que fixo que Compostela se encomendase a el para liberarse da mesma no século XVI, dende o que pasou a ser patrón da cidade.

Aínda que non podemos falar de mitos e lendas arredor dos **personaxes relixosos**, é certo que as súas vidas están cheas de **historias milagrosas** coas que gardan características comúns. Moitas destas historias teñen unha gran presenza nos nosos días, pasando a formar parte da nosa tradición e cultura: na toponimia, nas romerías, nas cantigas... Un bo exemplo é a propia cidade de Santiago de Compostela, que debe o seu nome a tradición Xacobeá.

HISTORIA DE SAN ROQUE

San Roque era orixinario de Montpellier, en Francia. Naceu nunha familia nobre e tivo oportunidade de formarse en **medicina**, algo que o motivou a deixar a súa familia e viaxar (de aí a súa representación como **peregrino**) axudando aos **pobres e enfermos** que naquela época sufrían a **peste**. Ao estar en contacto directo cos apestados acabou enfermándose el tamén e decidiu retirarse a unha cova afastada para non contaxiar a ninguén. Dise que un **canciño** o atopou nese duro momento. Para consolalo lamíalle as feridas das súas pernas e todos os días lle levaba un **anaco de pan** roubado da mesa do seu amo. Despois duns días, San Roque recuperouse da peste e o can decidiu quedar ao seu carón para sempre. Na historia que se conta o can que o asistía era un épagneul bretón, unha raza de can de caza de orixe francesa.

NA VISITA...

Nesta mesma sala introducimos a **imaxinaría relixosa** vinculándoa ao contexto no que nos atopamos, pero enfocándoa cara a **tradición** a través da presenza da vida e milagres dos personaxes relixosos na nosa cultura. Exemplificamos isto coa **talla de San Roque**:

- *Que tipo de obra é?*
- *En que material está feita?*
- *Con que materiais se puido esculpir?*
- *Quen pode estar representado?*
- *Como vai vestido?*
- *A quen asociamos normalmente aos peregrinos?*
- *Que elementos forman a vestimenta tradicional dos peregrinos?*
- *Cales atopamos nesta imaxe?*
- *Quen o acompaña e que ten na boca?*

Unha vez descrita e analizada a imaxe, explicarase a **vida de San Roque** identificando na representación o que se narra.

- *Algunha vez escoitarades falar da peste?*
- *Para que empregamos hoxe esa palabra?*
- *Na talla de San Roque vedes algún síntoma da peste?*


ACTIVIDADE

Xa que nos detivemos na representación dos **peregrinos**, sería interesante realizar unha actividade arredor dun elemento presente na mesma e na simboloxía xacobeá como a **vieira**.

Existen diferentes **lendas** arredor dela, unha delas que antigamente, entregábaselle aos peregrinos cando chegaban a Santiago indicando que acadaran a súa meta (como a Compostelana actual), outra fai referencia a que lles servía no camiño de volta como vaso natural para recoller agua nos ríos e manantiais... Podemos propoñerlle ao alumnado, antes de contarlle as xa coñecidas, que argalle **a súa propia lenda** arredor de porqué os peregrinos e peregrinas portan unha vieira. É un exercicio que poden facer individualmente nas súas casas e logo poñelo en común na aula ou ben propoñelo oralmente na sala.

SALA II. PRACA DE MORDOMÍA DA COFRADÍA DE SAN ROQUE

Durante o século XVI a comunidade sufriu un importante **declive**; en 1548 substituíronse os cóengos regulares por **clero secular** e o priorado quedou reducido a **colexiata**. Sen embargo, durante esta crise chegou a Galicia o **barroco**, coincidindo cun incremento da organización de actos relixiosos e da importancia do cerimonial sacro. Isto propiciou a realización de moitas obras para a **liturxia**, xurdindo unha ampla diversidade de pezas de ourivaría de gran riqueza técnica e material. A colexiata e o seu museo contan cun rico exemplo de obras dalgúns dos mellores ourives composteláns e ata de escolas de Toledo e Córdoba.



Mostra disto son os obxectos relacionados coa **liturxia** que ocupan as diferentes vitirinas, entre os que destacan **cálices, ostensorios, cruces procesionais, incensarios e pracas de mordomía**. Estas últimas son emblemas que representaban as distintas cofradías de cada parroquia. Entre as expostas atopamos unha pertencente á **cofradía de San Roque** realizada en 1927 por unha escola compostelá en **prata sobredourada e na súa cor**. Ademais da imaxe do San Roque que xa coñecemos, atopamos dúas cunchas de **vieira** como ornato.

NA VISITA...

Nesta segunda sala non imos deternos nas pezas como na anterior, senón que presentaremos dun xeito xeralizado a **tipoloxía de obxecto** co que nos atopamos. Explicamos que é a **ourivaría** e a importancia que ten na vida relixiosa ao empregarse para a creación dos elementos **litúrxicos**.

- *Que se expón nesta sala?*
- *Identificades algún obxecto?*
- *De que materiais están feitos?*
- *Para que se emprega cada un?*
- *Atopades representado algún personaxe que xa vimos na visita?*
- *Hai algún que vos recorde á Catedral de Santiago?*

SALA IV. TALLA DE SAN BLAS



O último espazo do museo está protagonizado por unha única **escultura en madeira policromada** do terceiro terzo do século XVIII. Trátase de **San Blas**, patrón das enfermidades da **gorxa e os laringólogos**. Ademais de **médico**, San Blas foi **bispo**, de aí a vestimenta escollida para representalo nesta imaxe, da cal non conservamos a súa man dereita. O seu culto, introducido e favorecido polos cóngos de San Agostiño en Sar, perviviu despois da conversión da igrexa en parroquia e continúa hoxe en día cunha multitudinaria **romaría** que se celebra o día **3 de febreiro**.

Nesa data, bendícese anacos de **pan** para repartir entre os fregueses que asistan á cerimonia relixiosa na colexiata, podendo venerar así unha imaxe do santo semellante a esta. Existe unha terceira imaxe de San Blas nunha **capela** situada na entrada do amplo atrio que rodea a colexiata. Neste caso é unha **escultura pétrea** que aínda conserva restos de policromía, realizada por un taller de Coimba cara o 1500.



HISTORIA DE SAN BLAS

Conta a tradición que certo día, San Blas **salvou a un neno de morrer afogado** ao atragantarse coa **espiña dun peixe**. De aí a antiga costume de bendicir as gorxas pola día da súa festa, no caso de Sar un **pan** que logo se comerá. Ademais existen **refrás** e frases vinculadas a esa historia que se pronuncian cando alguén se atraganta, especialmente nenos e nenas *"San Blas, pásalle por detrás"* ou *"San Blas Bendito, que afoga este anxiño"*. Existen outras tradicións, por exemplo, no País Vasco é moi coñecida a do **cordón de San Blas**, que consiste en bendicir un cordón o día 3 de febreiro diante da súa imaxe e colgalo no pescozo durante 9 días sen quitalo, para despois queimalo, e así quedar bendito ou bendita fronte os males de gorxa e catarros.

NA VISITA...

Chegamos a **última sala** e comezamos a especular sobre a única peza que vemos:

- *Este é San Roque?*
- *É o mesmo tipo de escultura?*
- *A que vos recorda ese sombreiro?*

Presentamos a **San Blas** e contamos a súa **historia**. Facemos fincapé na importancia que ten para Sar e na súa **romaría**.

- *Que é unha romaría?*
- *Que instrumentos son típicos de Galicia?*
- *Coñeces algunha cantiga popular?*

Nas romarías adoita haber **música**, a veces interpretada por grupos tradicionais. En moitas **cantigas populares** aparecen referencias a santos e festividades relixiosas. Para exemplificar esta idea podemos escoitar ou ben cantar un fragmento da muiñeira de Santo Amaro que di:

Por dicir viva San Roque

Por dicir viva San Roque

Prenderon ó meu irmán

Agora que o soltaron

Agora que o soltaron

Viva San Roque e o can!

Unha vez finalizada a visita, podemos deternos na **capela** do atrio para facer referencia a escultura pétreo de San Blas, facendo unha análise semellante á realizada nesta sala.

ACTIVIDADE

Arredor da idea traballada, podemos realizar un exercicio de investigación para coñecer quen é o **patrón ou patroa do seu pobo**, cal é a súa historia, como se celebra o seu día, buscar imaxes antigas desas celebracións, se existen representacións artísticas súas na contorna, se está presente nalgunha cantiga...

CLAUSTRO. A FONTE DO PARAÍSO

Unha vez percorridas as salas do museo volveremos á recepción para acceder ao **claustro** da colexiata. Todo parece indicar que o obradoiro compostelán encargado de rematar a catedral, o do **Mestre Mateo**, foi o responsable do levantamento das obras do claustro. Da primitiva construción medieval tan só se conservan **nove arcadas na súa galería norte**, que discorren paralelas ao muro sur da igrexa. Os seus elementos revelan unha clara evolución estilística e cronolóxica do **románico ao gótico**, cuxa variación se aprecia a medida que se avanza do lado lesta cara o oeste. Ademais da función estrutural de **distribuir e ordenar as distintas dependencias** que conformaban o conxunto, atopamos unha segunda funcionalidade, a de **evocar o Paraíso Terreal**, un mundo alonxado do axetreo da cidade, seguindo o modelo paradisíaco relativo ao Antigo Testamento.



Para acadar esta imaxe simbólica empregáronse varios recursos: primeiro, a **vexetación esculpida** nas arcadas das súas galerías e en case todos os elementos arquitectónicos (bases, capiteis, cimacios); en segundo lugar a **vexetación real** que enchía como agora o patio central; por último, coa presenza da **auga** a través da **fonte** que hoxe preside o centro do patio e que antigamente contaba con catro canos evocando os **catro ríos do Edén** bíblico: Tigris, Éufrates, Pisón e Guijón. Está labrada nun **único bloque** de granito e decorada cuns **gallóns**.

Na primeira sala do museo expónse unha **gárgola con forma de león** que debeu servir para evacuar a auga dos tellados da igrexa ou do priorado. Grazas a fotografías antigas, sabemos que se empregou durante moito tempo como **un dos canos** da fonte. Os caracois da melena do animal remítennos aos modelos mateáns.



NA VISITA...

Adentrámonos no segunda espazo que conforma este conxunto monumental: **o claustro**. Explicamos para que se empregaba e describimolo estilisticamente facendo fincapé na antiguidade da **galería norte**.

- *Que diferenzas atopades neste lado do claustro?*
- *Como están decoradas as arcadas?*
- *Toda a galería é igual ou prodúcense cambios se a percorremos dun lado ao outro?*

Aproveitamos a **decoración vexetal** para introducir o simbolismo do **Edén** e centrámonos na **fonte** e na súa comparación cos **catro ríos** do Paraíso, explicando que antigamente tamén tiña catro canos e un deles decorado coa **gárgola con forma de león** (fixarse nela ao saír cara o claustro).

- *Que pode ser este obxecto?*
- *A que vos recorda?*
- *Que río pasa por esta zona xusto ao lado da Colexiata?*

Narramos a **lenda do río Sar**.

- *Que ríos pasan cerca do voso lugar de orixe?*
- *Existen moitos mitos e lendas sobre os ríos galegos e tamén seres mitolóxicos vinculados a eles, coñecedes algún? Falar das xacias.*
- *E sen estar vinculados aos ríos?*

LENDA DO RÍO SAR

Anteriormente xa falamos da lenda popular que nos conta a chegada dos restos do Apóstolo a Iria Flavia, pois ben, nesa viaxe surcou as **augas do río Sar**, chegando a un **meando** nunha zona hoxe coñecida como A Barca. Alí os seus discípulos deixaron o seu corpo enriba dunha **roca** de grandes dimensións que se cre que foi atopada na actualidade. Hai outra versión que nos di que a pedra é directamente a **barca** na que viaxou o seu corpo.


A XACIA, UN SER MITOLÓXICO

Existen moitos seres mitolóxicos galegos vinculados á **natureza**. En relación cos **ríos** atopamos as xacias, que se caracterizan por ter a metade inferior do seu corpo de **peixe** e a metade superior de **humana**, como as sereas mariñas, pero habitando en auga doce, concretamente nas pozas dos ríos.

ACTIVIDADE

Sería interesante profundizar na **lendas dos ríos**, investigando se hai algunha sobre os ríos locais; así como dos **seres mitolóxicos**. Un exercicio sería crear unha **lenda propia** adaptada a súa contorna con **seres xa coñecidos ou ben inventados** polo alumnado.

Outra actividade consistiría en recrear o **claustro orixinal**. Para iso temos que ter presente como serían as **arcadas orixinais**, tomando como referencia as da galería norte; tamén a **vexetación real** que aparece descrita en documentación que aínda se conserva: cipreses, laranxos, olivos e laureles; así como a **fonte**, da que sabemos que tiña **catro canos**, un deles estivo decorado coa gárgola con forma de león, pero dos tres restantes non temos datos, podendo crear tres gárgolas de diferentes figuras para decoralos na súa totalidade.



INTERIOR DA COLEXIATA. A VIRXE DA MISERICORDIA

Dende a galería norte do claustro accedemos ao interior da **igreja**, unha das obras máis interesantes do **románico galego**. A construción debeuse comezar cara 1134 e rematou na década dos 60, dando paso a construción do claustro e as dependencias dos cóengos. Aínda que sufriu varias transformacións, conservamos en gran medida a estrutura orixinal que nos permite achegarnos ao estilo que a caracteriza: destaca a **simplicidade**, a **simetría**, a **proporción** e a primacía da **funcionalidade**; así como o emprego xustificado de **arcos de medio punto** e **bóvedas de canón**, ou elementos decorativos como medio didáctico e moralizante.



Entre 1485 e 1505 refíxose a bóveda da nave central da igrexa; crese que foi esta intervención a que provocou a desestabilización da estrutura arquitectónica, aínda que a natureza pantanosa do terreo tamén influiu considerablemente. Isto faise visible na **acusada inclinación** dos seus piares e muros, algo que se converteu nunha das características máis singulares do edificio e un dos seus principais atractivos. Sen embargo, este feito que hoxe resulta chamativo, no seu momento ameazou a súa integridade. No século XVIII, o arquitecto **Fernando de Casas Novoa** emitiu un informe onde explicaba que a igrexa estaba en ameaza de ruina, propondo a súa demolición e posterior reconstrución. Finalmente evitouse reparándoa de xeito definitivo en 1732, coa reedificación da metade superior da fachada principal e a elevación dos **arcobotantes** para reforzar a estabilidade dos muros.



A **planta é basilical** con tres naves, sendo a central de maior altura. Todas rematan nunha **cabeceira** con outras tantas **capelas absidiais**. A bóveda da capela maior é a única que conserva **restos pictóricos**, aparentemente do século XVI. O mal estado dificulta a identificación do que se representa, pero todo apunta a un **fragmento da Virxe da Misericordia**, da que só podemos contemplar a parte inferior da súa vestimenta. Á súa dereita pode apreciarse unha figura masculina, en actitude orante, tras a que aparecen varios personaxes. É moi probable que existise unha composición figurativa similar, incluso simétrica, á esquerda da Virxe.

A VIRXE DA MISERICORDIA

A Virxe da Misericordia refírese a unha imaxe de **María entronizada** que, con xesto caritativo e misericordioso, acolle baixo o seu **manto** a un grupo de figuras suplicantes que lle imploran á Raíña dos Ceos a salvación eterna. O motivo do **manto**, foi adoptado como un símbolo protector nas representacións de determinados santos que, ao igual que a Virxe, eran invocados como protectores de enfermidades, e moi especialmente, contra a peste. Nalgunhas representacións, varios anxiños sosteñen dende o ceo o manto que cae sobre o corpo da Virxe e se abre cos seus brazos en alto para acoller baixo el o grupo de personaxes.

NA VISITA...

Chegamos ao último espazo da visita, o **interior da colexiata**. Percorremos o templo mentres explicamos brevemente a súa **historia** e as peculiaridades do estilo **románico** e a **inclinación** dos muros e piares.

- *Que é o primeiro que vos chama a atención ao entrar?*
- *Credes que co paso do tempo podería chegar a caer?*
- *Como solucionaríades vós esta inclinación?*
- *Que elementos vimos fóra da igrexa que poden axudar a sostela?*
- *Cantas naves ten?*
- *En que rematan esas naves?*

Centrándonos na **cabeceira** analizamos as esculturas que acollen as capelas laterais, atopándose **San Roque** á esquerda e **San Blas** á dereita, protagonizando a capela central a Virxe María. Nesta última detémonos nos **restos pictóricos** da bóveda, especulando que puido estar representado e explicando finalmente a iconografía da **Virxe da Misericordia**.

- *Quenes aparecen representados nas esculturas das capelas laterais?*
- *Que vos chama a atención da capela maior?*
- *Que significa misericordia?*
- *Como credes que sería a pintura orixinal?*

ACTIVIDADE

Como actividade final propoñemos un exercicio de creatividade e debuxo. Unha vez explicada a iconografía da Virxe da Misericordia, invitamos ao alumnado a recrear o aspecto orixinal da bóveda da capela central partindo dos restos pictóricos que conservamos. Para iso, adxuntamos a continuación ditos restos enmarcados nun "formato" semellante ao da bóveda. Se se quixese, poderíase realizar a actividade no espazo do claustro, levando a imaxe impresa e os recursos precisos para poder debuxar.

Animámosvos a enviar os resultados das actividades a calquera dos seguintes correos:

luciahidalgo.p@gmail.com ou mpetoro@gmail.com





Museo
Colexiata de Sar



COMPOSTELA
SACRA



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO